



XOVES SANTO

Queridos irmáns,

Celebramos solemnemente de novo, este Xoves Santo, a memoria da Última Cea co noso Señor Xesucristo nesta terra.

Nela, anticipando a súa obra definitiva, a súa cruz e resurrección, culmina, e El mesmo expresa o seu destino, a misión á que foi enviado polo Pai, iniciada na Encarnación.

O Fillo de Dios fíxose home, quixo ser un de nós, fillo do home, fillo de María, realmente e de modo definitivo. Esta verdade vivida por Xesús exprésase agora na Última Cea: connosco e por nós, cumprindo a misión que non podíamos levar a cabo. El vai por diante, o noso Mestre, a nosa Cabeza. Reconcílianos coa vida, a verdade, a xustiza, a sabedoría, co amor, que teñen no Pai a súa fonte e a súa plenitude; e lonxe do cal só quedan aparencias dun momento, inquietudes nunca resoltas, inxustizas e sombras de morte.

Pero o Señor fai o seu camiño o primeiro, por nós, por lavarnos os pés e coidar dos seus. Nel loita, ama e vence un dos nosos, o primeiro de moitos irmáns. El é a primicia dunha vitoria sobre a morte que quere que sexa nosa, dun amor vencedor de todas as falsidades, intelixente e fiel, que quere que nos sexa propio: *que o que eu fixen convosco, vós tamén o fagades*; para que compartades o meu Espírito, o meu Corpo e o meu Sangue. Para que todo o meu sexa voso; que para min, todo o voso é meu, incluídas culpas e sufrimentos.

Esta é a nosa esperanza, manifestada na Última Cea: amounos ata o extremo, non nos deixará atrás ou abandonados; asegúranos a comunión, a participación con El para sempre. Isto di o sacramento da Eucaristía, esta é a súa obra e a súa misión, este é o seu querer: unírnos a El, en quen o ser humano alcanza sabedoría e redención, vida plena na gloria verdadeira, a do Pai eterno.

E isto nos indicaba o lavatorio dos pés: a humildade, o abaixamento radical de quen pon todo o seu ser ao noso servizo, para a salvación de todos; e como a verdade do mundo, que non pode idolatrarse a si mesmo, aferrarse a unha gloria insubstancial e va, cuxa falsidade o tempo fai sempre patente.

Hoxe estamos invitados polo exemplo de Pedro a non caer na tentación (lavarme os pés ti a min?) de non ver que esta é a nosa gloria e a nosa esperanza, como el comprendeu polas palabras de Xesús: esta é a forma na que temos parte con El, o Mestre e o Señor, nesta vida e no banquete en que se bebe o viño novo do Reino.

Por iso insistía o Señor: facede isto en memoria miña; adherídevos de corazón a este misterio de entrega e de comunión, a este abaixamento tan radical por vós. Aquí está o centro da nosa fe cristiá, o que nos convence cada día para crer de novo en Deus, que nos entregou ao seu Fillo e resucitou de entre os mortos; como o recoñece, de modo moi consciente, a nosa propia tradición lucense e galega: **hic hoc mysterium fidei firmiter profiteamur.**

Que o día de hoxe fortaleza os nosos corazóns e as nosas consciencias. Xesús venceu, resucitou, está connosco e ofrécesenos como o camiño. Condúcenos a amar como El amou, non só aos sans, senón aos enfermos; non só aos xustos, senón aos pecadores; porque El nos lavou os pés a todos.

Coa esperanza certa de pertencer a esta comunión, que Xesús nos ofrece, que seguimos celebrando desde a Última Cea e desde a Pascua cada domingo, non desesperamos nunca, nin de nós mesmos, nin do noso mundo, a pesar do pecado, as inxustizas e as guerras. O noso propio vivir na caridade, seguindo o exemplo do Señor, é o inicio do mundo novo, plenamente real. Por iso, non permitimos que a procura da gloria e do poder propias do mundo, coas súas teorías, inadecuadas, e mesmo coas súas mentiras interesadas e os seus falsos relatos, nos ceguen e nos guén.

Na unidade radical con Deus e cos irmáns, por obra de Xesús, na caridade divina que nos ensina e nos da a compartir, na graza que brota xa do Resucitado, está o xerme dun mundo novo, da relación verdadeira con todas as cousas; ao que xa non queremos nin podemos renunciar, para que o noso propio corazón non quede na escuridade.

Coidémonos uns a outros, teñamos paciencia, fe e esperanza; aceptemos lavar os pés do próximo e recoñezamos que tamén o necesitamos, que o Señor o fai connosco.

Cumpramos o seu mandato; gardemos, fagamos memoria del, no sacramento da Eucaristía. Deámoslle prioridade á Santa Misa os nosos domingos, para que ilumine os camiños da nosa vida coa novidade desta caridade, que coñece ao Deus verdadeiro e vai ao encontro do irmán.

E pidamos polos nosos sacerdotes, que o Señor Xesús instituíu nesta Última Cea precisamente coa finalidade de que nunca deixemos de facer memoria viva del, da súa presenza real no sacramento, da súa comunión con todos nós. Pidamos porque a caridade do Señor, que os chamou a este ministerio cun amor inmenso, permaneza sempre nos seus corazóns e os sosteña nos seus traballos.

Pidamos, en fin, que saibamos amar todos como o Señor nos amou; cada un na súa misión e na súa tarefa na vida, pero todos irmáns, todos discípulos que recoñecemos o amor do Señor e cremos Nel.

Sabemos que El é fiel.

+ Alfonso,
Bispo de Lugo